




Relación talla-peso do ameixón *Callista chione* (Linneo, 1758) nun banco de libre marisqueo da Ría de Arousa

José Carlos Mariño Balsa

José Carlos Mariño Balsa é doutor en Ciencias do Mar e desenvolve o seu labor como asistencia técnica da Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados desde o ano 2011.

Jesús A. Fernández-Barreiro

Jesús A. Fernández-Barreiro é licenciado en Bioloxía e traballa como biólogo de zona na Delegación Comarcal da Consellería do Mar en Carril.



Figura 1. Ameixón (*Callista chione*)

Introdución

A partires do mes de febreiro do ano 2018 comeza a aparecer nas lonxas da banda sur da Ría de Arousa unha especie "nova" para o marisqueo a flote Z3, o ameixón (*Callista chione*). Por esta razón, compe ter datos que permitan avaliar o recurso para súa xestión. Realizamos varios controis de tallas e peso dende a aparición en lonxa desta especie. O control talla-peso presentado é a primeira vez que se realiza na Ría de Arousa.

No ano 2018 comezan os mariscadores da Ría de Arousa, especialmente os rañeiros de Cambados, a extraer ameixón en varios bancos marisqueiros, acadando en 2022 un 20% da produción galega. Por outra parte, a evolución da valorización económica desta especie nas rulas pasou dun prezo medio de 1€/kg (2014) a 11€/kg (2024) o que provocou un crecente interese do sector.

Metodoloxía

A partires de 2018, comezamos a realizar controis de tallas postpeneirado e algún control talla-peso pero só dos exemplares comerciais presentes na sala de poxas.

O 4 de Marzo de 2025 realizouse unha mostraxe de talla e peso de exemplares no banco de libre marisqueo de Mexilloeira (**figura 2**).



Figura 2. Banco marisqueiro de extracción de *Callista chione* na Ría de Arousa (en gris).

As medicións foron feitas cun calibre dixital Mitutoyo IP67($\pm 0,01$ mm) e os pesos foron tomados cunha báscula dixital Gram 3000($\pm 0,01$ g). No estudo empregáronse tamén medidas de talla e peso do proxecto Ecosistemica24.

O programa Microsoft Excel foi empregado para os cálculos da regresión talla-peso. Por outra parte, o programa ARouSA 13.1 (Parada & Molares, 2009) foi empregado para medición de tallas e comparación das rectas de regresión entre dúas mostraxes.

Resultados e discusión

Na **táboa 1** amósanse os resultados obtidos a partires das mostraxes realizadas na lonxa de Cambados.

Táboa 1.- Mostraxes realizadas en lonxa

Data da mostraxe	n	Talla (mm)	media	Regresión	r ²
19/03/2018	50	83,74		(1) $y = 0,0004x^{2,874}$	= 0,9466
29/03/2022	72	79,93		(2) $y = 0,0011x^{2,6763}$	= 0,9544
03/03/2023	65	85,65		(3) $y = 0,0005x^{2,8454}$	= 0,9691
04/11/2024	69	79,10		(4) $y = 0,0006x^{2,8009}$	= 0,9769
17/02/2025	84	75,93		(5) $y = 0,0004x^{2,8942}$	= 0,9712

Non se observaron diferencias significativas (ARouSA 13.0) entre as regresións comparadas das mostraxes realizadas en distintas datas (**táboa 1**). Decidiuse entón empregar tódolos valores conxuntamente e representalos na **figura 3**. A curva resultante representa ao individuo mais pequeno cunha unha talla de 20,43 mm (1,97 g) e o de maior talla de 101,68 mm (254,02 g).




Figura 3.- Relación talla-peso de ameixon no período invernal na Ría de Arousa (n=634).

A talla máxima de captura rexistrada na lonxa de Cambados foi de 101,68 mm, atópase moi próxima ao tamaños máximos asintóticos derivados da ecuación de Von Bertalanffy obtidos para esta especie no Atlántico (Moura et al., 2009).

A pesqueira realizada na Ría de Arousa para esta especie de xeito artesanal, parece ter menos impacto que outras pesqueiras do Mediterráneo feitas con artes de arrastre, no que chegaron a provocar o colapso da poboación (Baeta et al., 2021).

Referencias bibliográficas

Baeta, M., Ramón, M., e Galimany, E. (2014) Decline of a Callista chione (Bivalvia:Veneridae) bed in the Maresma coast (northwestern Mediterranean Sea). *Ocean & Coastal Management*, 93, 15-25.

Moura, P., Gaspar, M., Monteiro, C. (2009). Age determination and growth rate of a Callista chione population from the southwestern coast of Portugal. *Aquatic Biology*, 5, 97-106.

Parada, J.M. e Molaes, J. (2009). *ARouSA. Unha ferramenta para a avaliación de recursos marisqueiros*. Consellería do Mar. Xunta de Galicia (Ed.). 86 pp. Dispoñible en www.arousa.bnmarina.com